



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CULTURAL HISPANO-GALLEGA CABALLEROS DE SANTIAGO PARA O ESTABLECEMENTO DUN PUNTO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EN SALVADOR DE BAHÍA (BRASIL).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Asociación Cultural Hispano-Gallega Caballeros de Santiago, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 15 de outubro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco de colaboración entre as entidades asinantes para o establecemento dun Punto de Información e Asesoramento nas instalacións da Asociación Cultural Hispano-Gallega Caballeros de Santiago de Salvador de Bahía (Brasil).

O dito Punto de Información e Asesoramento ten como finalidade a realización de actividades de información, difusión, asesoramento e outras actividades complementarias da xestión dos programas e actividades levadas a cabo anualmente pola Secretaría Xeral da Emigración, especialmente as de carácter socio asistencial.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Asociación Cultural Hispano-Gallega Caballeros de Santiago de Salvador de Bahía agrupa actualmente a máis de trescentos emigrantes galegos e aos seus descendentes, representativos da importante colonia galega residente en dito estado.





Na actualidade a Asociación Cultural Hispano-galega Caballeros de Santiago de Salvador de Bahía é a única entidade galega do exterior inscrita no Rexistro da Galeguidade con sede en Salvador de Bahía e está disposta a desenvolver unha labor de difusión, asesoramento, información e colaborar na xestión das solicitudes dos programas e actividades levadas a cabo pola Secretaría Xeral da Emigración.

Para o financiamento das actuacións previstas neste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración alcanzará vinte mil euros (7.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela 21 de abril de 2017.





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral da Emigración

Basquiños, 2
15704 Santiago de Compostela
Teléfono 981 545 878. Fax 981 547 296
<http://emigracion.xunta.es>

galicia

